XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

galicia

TÁBOA DE VIXENCIAS DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA

O Anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia ten por obxecto a regulación do réxime xurídico dos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia, así como o establecemento do Sistema Galego de Centros Museísticos, presidido polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade, cuxo fin é a mellora da organización e funcionamento dos centros que integran o dito sistema. Este Sistema estrutúrase en torno a un órgano administrativo de dirección e coordinación, un órgano colexiado de carácter consultivo denominado Consello de Centros Museísticos de Galicia, así como os distintos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación que se integren no Sistema.

O citado anteproxecto define cada un dos centros que integran o concepto ámplio e máis xenérico de centro museístico (museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia), delimita as condicións necesarias para a súa creación, así como aspectos organizativos e de xestión. Ademais, regula toda unha serie de medidas de dinamización no ámbito museístico e, finalmente, o réxime sancionador aplicable.

A entrada en vigor da citada lei levará consigo as seguintes derrogacións:

- Derrogación expresa dos artigos 112, 113 e 114 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

- Derrogación expresa do Decreto 314/1986, do 16 de outubro, polo que se regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 827
Fax: 981 544 802

- Así mesmo, quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan total ou parcialmente ao previsto nesta lei.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS - CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO